

1. Identificación da programación
Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15006754	Ferrolterra	Ferrol	2023/2024

Ciclo formativo

Código da familia profesional	Familia profesional	Código do ciclo formativo	Ciclo formativo	Grao	Réxime
FME	Fabricación mecánica	CMFME02	Soldadura e caldeiraría	Ciclos formativos de grao medio	Réxime de adultos

Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (*)

Código MP/UF	Nome	Curso	Sesións semanais	Horas anuais	Sesións anuais
MP0096	Formación e orientación laboral	2023/2024	3	107	107
MP0096_12	Prevención de riscos laborais	2023/2024	3	45	45
MP0096_22	Equipos de traballo, dereito do traballo e da seguridade social, e procura de emprego	2023/2024	3	62	62

(*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

Profesorado responsable

Profesorado asignado ao módulo	MARIA BEATRIZ FERNÁNDEZ MUIÑOS (Subst.)
Outro profesorado	MARIA BEATRIZ FERNÁNDEZ MUIÑOS

Estado: Pendente de supervisión inspector

2. Concreción do currículo en relación coa súa adecuación ás características do ámbito produtivo

O módulo de FOL a desenvolver nesta programación ten como marco legal a seguinte normativa:

DECRETO 46/2010, do 11 de marzo, polo que se establece o currículo do ciclo formativo de grao medio correspondente ao título de TÉCNICO EN SOLDADURA E CALDEIRARÍA.

Tendo en conta que ó título desenvólvese na modalidade de dual, aplicarase ademáis:

Orde do 14 de xuño de 2018 pola que se autorizan proxectos experimentais de formación profesional dual de ciclos formativos de formación profesional en centros educativos, en colaboración con diversas entidades.

Convenio entre a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades e as empresas Nervión Naval Offshore, S.L. e mais Navantia SME para a implantación dun sistema de formación profesional dual polo réximen de bolsas, para o período que vai do 1/09/2023 ata ó 31/08/2025

O currículo do ciclo establece como competencia xeral do título a de executar os procesos de fabricación, montaxe e reparación de elementos de caldeiraría, canalizacións, estruturas metálicas e carpintería metálica aplicando as técnicas de soldadura, de mecanizado e de conformación, e cumprindo as especificacións de calidade, prevención de riscos laborais e protección ambiental. E así indica como s ocupacións e os postos de traballo máis salientables os que seguen:

- Soldador/a e oxicortador/a.
- Operador/a de proxección térmica.
- Chapista e caldeireiro/a.
- Montador/a de estruturas metálicas.
- Carpinteiro/a metálico/a.
- Tubeiro/a industrial de industria pesada.

Co fin de alcanzar esta competencia e desenvolver a profesión, o decreto establece unha serie de obxectivos xerais que acadanse o cursar a totalidade de módulos que integran ó ciclo; deles ó módulo de F.O.L contribúe a alcanzar os seguintes:

- l) Recoñecer e valorar continxencias, determinar as causas que as provocan e describir as accións correctoras, para resolver as incidencias asociadas á súa actividade profesional.
- m) Analizar e describir os procedementos de calidade, prevención de riscos laborais e ambientais, e sinalar as accións para realizar nos casos definidos para actuar de acordo con normas estandarizadas.
- n) Valorar as actividades de traballo nun proceso produtivo, e identificar a súa achega ao proceso global para conseguir os obxectivos da produción.
- o) Identificar e valorar as oportunidades de aprendizaxe e emprego, analizando as ofertas e demandas do mercado laboral para xestionar a súa carreira profesional.
- q) Recoñecer os dereitos e os deberes como axente activo na sociedade, analizando o marco legal que regula as condicións sociais e laborais, para participar na cidadanía democrática.

En canto a competencias profesionais, persoais e sociais, no desenvolvemento do módulo de F.O.L, no relativo ao perfil profesional, axúdase a acadar as seguintes:

- l) Aplicar procedementos de calidade, e de prevención de riscos laborais e ambientais, consonte o establecido nos procesos de soldadura e caldeiraría.
- o) Resolver as incidencias relativas á súa actividade, logo de identificar as causas que as provocan, tomando responsablemente as decisións.
- p) Adaptarse a novas situacións laborais e a diferentes postos de traballo orixinados por cambios tecnolóxicos e organizativos nos procesos produtivos.
- q) Cumprir os obxectivos da produción, colaborando co equipo de traballo e actuando conforme os principios de responsabilidade e tolerancia.

r) Exercer os dereitos e cumprir as obrigas que derivan das relacións laborais, de acordo co establecido na lexislación.

s) Xestionar a propia carreira profesional, analizando oportunidades de emprego, de autoemprego e de aprendizaxe.

u) Participar na vida económica, social e cultural, cunha actitude crítica e responsable.

Para contribuir cos obxectivos xerais e acadar as competencias establecidas no Decreto o módulo de FOL traballa contidos tan necesarios na vida laboral de calquer traballador coma son a Prevención de Risco Laborais, o dereito do traballo, a Seguridade Social, a inserción laboral e o traballo en equipo, todos eles moi necesarios para que necesaria para que o alumno ou a alumna se poidan inserir laboralmente e desenvolver a súa carreira profesional no seu sector.

A formación relativa á prevención de riscos laborais dentro do módulo de formación e orientación laboral aumenta a empregabilidade do alumnado que supere estas ensinanzas e facilita a súa incorporación ao mundo do traballo, ao capacitálo para levar a cabo responsabilidades profesionais equivalentes ás que precisan as actividades de nivel básico en prevención de riscos laborais, establecidas no Real decreto 39/1997, do 17 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento dos servizos de prevención.

3. Relación de unidades didácticas que a integran, que contribuirán ao desenvolvemento do módulo profesional, xunto coa secuencia e o tempo asignado para o desenvolvemento de cada unha

U.D.	Título	Descrición	Duración (sesións)	Peso (%)
1	Formación en empresa	Formación curricular que se adquirirá na empresa	45	42
2	Formación en empresa	Formación en empresa	0	0
3	O dereito do traballo.	Unidade introductoria da materia na que veremos a normativa mási importante que afecta as relacións laborais, os organismos implicados, e os dereitos e deberes das partes. Tamén veremos a negociación colectiva e o convenio como base das relación de traballo, e a representacón dos traballadores	11	10
4	O contrato de traballo. Elementos e modalidades.	Nesta unidade estudiaremos os elementos do contrato de traballo, as modalidades máis utilizadas, e outras formas de contratación.	8	8
5	Análise das condición de traballo	Baseándonos no convenio de aplicación e na normativa xeral analizaremos as condicións de traballo que rixen unha relación laboral, tempos de traballo e descanso, salario...Aprenderemos a calcular a nómina	11	10
6	Modificación, suspensión e extinción do contrato de traballo.	A unidade trata as modificacións do contrato, a súa suspensión e extinción, coas posibles consecuencias-indemnizacións e liquidación da relación laboral-.	11	10
7	A Seguridade Social.	Nesta unidade trabállase os conceptos de Seguridade Social, a xestión -afiliación, altas e baixas-, e as principais prestacións.	8	8
8	A inserción Laboral.	Unidade na que se explica as diferentes vías de inserción laboral, o coñecemento das propias calidades persoais e as técnicas, procedementos e documentos relacionados coa busca de emprego e a selección de persoal.	7	7
9	O equipo de traballo e a negociación no ámbito laboral.	Unidade que desenvolve o traballo en equipo, a súa importancia e utilidade, así como da negociación no eido da práctica profesional.	6	5

4. Por cada unidade didáctica
4.1.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
1	Formación en empresa	45

4.1.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Recoñece os dereitos e as obrigas das persoas traballadoras e empresarias relacionados coa seguridade e a saúde laboral.	SI
RA2 - Avalía as situacións de risco derivadas da súa actividade profesional analizando as condicións de traballo e os factores de risco máis habituais do sector da fabricación mecánica.	SI
RA3 - Participa na elaboración dun plan de prevención de riscos e identifica as responsabilidades de todos os axentes implicados.	SI
RA4 - Determina as medidas de prevención e protección no contorno laboral da titulación de técnico en soldadura e caldeiraría.	SI

4.1.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.1 Relacionáronse as condicións laborais coa saúde da persoa traballadora.
CA1.2 Distingúronse os principios da acción preventiva que garanten o dereito á seguridade e á saúde das persoas traballadoras.
CA1.3 Apreciouse a importancia da información e da formación como medio para a eliminación ou a redución dos riscos laborais.
CA1.4 Comprenderonse as actuacións axeitadas ante situacións de emerxencia e risco laboral grave e inminente.
CA1.5 Valoráronse as medidas de protección específicas de persoas traballadoras sensibles a determinados riscos, así como as de protección da maternidade e a lactación, e de menores.
CA1.6 Analizáronse os dereitos á vixilancia e protección da saúde no sector das industrias transformadoras do metal.
CA1.7 Asumiuse a necesidade de cumprir as obrigas das persoas traballadoras en materia de prevención de riscos laborais.

Criterios de avaliación
CA2.1 Determináronse as condicións de traballo con significación para a prevención nos contornos de traballo relacionados co perfil profesional de técnico en soldadura e caldeiraría.
CA2.2 Clasificáronse os factores de risco na actividade e os danos derivados deles.
CA2.3 Clasificáronse e describíronse os tipos de danos profesionais, con especial referencia a accidentes de traballo e doenzas profesionais, relacionados co perfil profesional de técnico en soldadura e caldeiraría.
CA2.4 Identificáronse as situacións de risco máis habituais nos contornos de traballo das persoas coa titulación de técnico en soldadura e caldeiraría.
CA2.5 Levouse a cabo a avaliación de riscos nun contorno de traballo, real ou simulado, relacionado co sector de actividade do título.
CA3.1 Valorouse a importancia dos hábitos preventivos en todos os ámbitos e en todas as actividades da empresa.
CA3.2 Clasificáronse os xeitos de organización da prevención na empresa en función dos criterios establecidos na normativa sobre prevención de riscos laborais.
CA3.3 Determináronse os xeitos de representación das persoas traballadoras na empresa en materia de prevención de riscos.
CA3.4 Identificáronse os organismos públicos relacionados coa prevención de riscos laborais.
CA3.5 Valorouse a importancia da existencia dun plan preventivo na empresa que inclúa a secuencia de actuacións para realizar en caso de emerxencia.
CA3.6 Estableceuse o ámbito dunha prevención integrada nas actividades da empresa, e determináronse as responsabilidades e as funcións de cadaquén.
CA3.7 Definiuse o contido do plan de prevención nun centro de traballo relacionado co sector profesional da titulación de técnico en soldadura e caldeiraría.
CA3.8 Proxectouse un plan de emerxencia e evacuación para nunha pequena ou mediana empresa do sector de actividade do título.
CA4.1 Definíronse as técnicas e as medidas de prevención e de protección que se deben aplicar para evitar ou diminuír os factores de risco, ou para reducir as súas consecuencias no caso de materializarse.
CA4.2 Analizouse o significado e o alcance da sinalización de seguridade de diversos tipos.
CA4.3 Seleccionáronse os equipamentos de protección individual (EPI) axeitados ás situacións de risco atopadas.
CA4.4 Analizáronse os protocolos de actuación en caso de emerxencia.
CA4.5 Identificáronse as técnicas de clasificación de persoas feridas en caso de emerxencia, onde existan vítimas de diversa gravidade.

Criterios de avaliación

CA4.6 Identifícaronse as técnicas básicas de primeiros auxilios que se deben aplicar no lugar do accidente ante danos de diversos tipos, así como a composición e o uso da caixa de urxencias.

4.1.e) Contidos
Contidos

Relación entre traballo e saúde. Influencia das condicións de traballo sobre a saúde.

Conceptos básicos de seguridade e saúde laboral.

Análise dos dereitos e das obrigas das persoas traballadoras e empresarias en prevención de riscos laborais.

Actuación responsable no desenvolvemento do traballo para evitar as situacións de risco no seu contorno laboral.

Protección de persoas traballadoras especialmente sensibles a determinados riscos.

Análise de factores de risco ligados a condicións de seguridade, ambientais, ergonómicas e psicosociais.

Determinación dos danos á saúde da persoa traballadora que se poden derivar das condicións de traballo e dos factores de risco detectados.

Riscos específicos no sector de soldadura e caldeiraría en función das probables consecuencias, do tempo de exposición e dos factores de risco implicados.

Avaliación dos riscos atopados en situacións potenciais de traballo no sector da fabricación mecánica.

Xestión da prevención na empresa: funcións e responsabilidades.

Órganos de representación e participación das persoas traballadoras en prevención de riscos laborais.

Organismos estatais e autonómicos relacionados coa prevención de riscos.

Planificación da prevención na empresa.

Plans de emerxencia e de evacuación en contornos de traballo.

Elaboración dun plan de emerxencia nunha empresa do sector.

Participación na planificación e na posta en práctica dos plans de prevención.

Contidos
Medidas de prevención e protección individual e colectiva. Protocolo de actuación ante unha situación de emerxencia. Aplicación das técnicas de primeiros auxilios. Actuación responsable en situacións de emerxencias e primeiros auxilios.

4.2.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
2	Formación en empresa	0

4.3.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
3	O dereito do traballo.	11

4.3.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Identifica os dereitos e as obrigas que se derivan das relacións laborais, e recoñéceos en diferentes situacións de traballo.	NO

4.3.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA2.1 Identifícaronse o ámbito de aplicación, as fontes e os principios de aplicación do dereito do traballo.
CA2.2 Distingúronse os principais organismos que interveñen nas relacións laborais.
CA2.5 Valoráronse os dereitos e as obrigas que se recollen na normativa laboral.
CA2.6 Determináronse as condicións de traballo pactadas no convenio colectivo aplicable ou, en ausencia deste, as condicións habituais no sector profesional relacionado co título de técnico en soldadura e caldeiraría.
CA2.7 Valoráronse as medidas establecidas pola lexislación para a conciliación da vida laboral e familiar, e para a igualdade efectiva entre homes e mulleres.
CA2.10 Identifícaronse os órganos de representación das persoas traballadoras na empresa.
CA2.11 Analizáronse os conflitos colectivos na empresa e os procedementos de solución.

4.3.e) Contidos

Contidos
Dereito do traballo.
0Representación das persoas traballadoras na empresa.
Conflitos colectivos.
Organismos públicos (administrativos e xudiciais) que interveñen nas relacións laborais.
Análise da relación laboral individual.
Dereitos e deberes derivados da relación laboral.

Contidos
Análise dun convenio colectivo aplicable ao ámbito profesional da titulación de técnico en soldadura e caldeiraría.
Sindicatos de traballadores e asociacións empresariais.

4.4.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
4	O contrato de traballo. Elementos e modalidades.	8

4.4.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Identifica os dereitos e as obrigas que se derivan das relacións laborais, e recoñéceos en diferentes situacións de traballo.	NO

4.4.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA2.3 Identifícanse os elementos esenciais dun contrato de traballo.
CA2.4 Analizáronse as principais modalidades de contratación e identifícanse as medidas de fomento da contratación para determinados colectivos.
CA2.12 Identifícanse as características definitorias dos novos contornos de organización do traballo.

4.4.e) Contidos

Contidos
Novos contornos de organización do traballo.
Modalidades de contrato de traballo e medidas de fomento da contratación.

4.5.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
5	Análise das condición de traballo	11

4.5.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Identifica os dereitos e as obrigas que se derivan das relacións laborais, e reconéceos en diferentes situacións de traballo.	NO
RA3 - Determina a acción protectora do sistema de seguridade social ante as continxencias cubertas, e identifica as clases de prestacións.	NO

4.5.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA2.6 Determináronse as condicións de traballo pactadas no convenio colectivo aplicable ou, en ausencia deste, as condicións habituais no sector profesional relacionado co título de técnico en soldadura e caldeiraría.
CA2.7 Valoráronse as medidas establecidas pola lexislación para a conciliación da vida laboral e familiar, e para a igualdade efectiva entre homes e mulleres.
CA2.8 Analizouse o recibo de salarios e identificáronse os principais elementos que o integran.
CA3.3 Identificáronse, nun suposto sinxelo, as bases de cotización dunha persoa traballadora e as cotas correspondentes a ela e á empresa.

4.5.e) Contidos

Contidos
Análise dun convenio colectivo aplicable ao ámbito profesional da titulación de técnico en soldadura e caldeiraría.
Análise das principais condicións de traballo: clasificación e promoción profesional, tempo de traballo, retribución, etc.

4.6.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
6	Modificación, suspensión e extinción do contrato de traballo.	11

4.6.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Identifica os dereitos e as obrigas que se derivan das relacións laborais, e recoñéceos en diferentes situacións de traballo.	NO

4.6.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA2.9 Identifícaronse as causas e os efectos da modificación, a suspensión e a extinción da relación laboral.

4.6.e) Contidos

Contidos
Modificación, suspensión e extinción do contrato de traballo.

4.7.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
7	A Seguridade Social.	8

4.7.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA3 - Determina a acción protectora do sistema de seguridade social ante as continxencias cubertas, e identifica as clases de prestacións.	NO

4.7.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA3.1 Valorouse o papel da seguridade social como pilar esencial do estado social e para a mellora da calidade de vida da cidadanía.

Criterios de avaliación

CA3.2 Delimitouse o funcionamento e a estrutura do sistema de seguridade social.

CA3.4 Determináronse as principais prestacións contributivas de seguridade social, os seus requisitos e a súa duración, e realizouse o cálculo da súa contía nalgúns supostos prácticos.

CA3.5 Determináronse as posibles situacións legais de desemprego en supostos prácticos sinxelos, e realizouse o cálculo da duración e da contía dunha prestación por desemprego de nivel contributivo básico.

4.7.e) Contidos
Contidos

A Seguridade Social como pilar do estado social.

Estrutura do sistema de Seguridade Social.

Determinación das principais obrigas das persoas empresarias e das traballadoras en materia de seguridade social.

Protección por desemprego.

Prestacións contributivas da Seguridade Social.

4.8.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
8	A inserción Laboral.	7

4.8.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA4 - Planifica o seu itinerario profesional seleccionando alternativas de formación e oportunidades de emprego ao longo da vida.	SI

4.8.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado
Criterios de avaliación

CA4.1 Valoráronse as propias aspiracións, motivacións, actitudes e capacidades que permitan a toma de decisións profesionais.

Criterios de avaliación
CA4.2 Tomouse conciencia da importancia da formación permanente como factor clave para a empregabilidade e a adaptación ás esixencias do proceso produtivo.
CA4.3 Valoráronse as oportunidades de formación e emprego noutros estados da Unión Europea.
CA4.4 Valorouse o principio de non-discriminación e de igualdade de oportunidades no acceso ao emprego e nas condicións de traballo.
CA4.5 Deseñáronse os itinerarios formativos profesionais relacionados co perfil profesional de técnico en soldadura e caldeiraría.
CA4.6 Determináronse as competencias e as capacidades requiridas para a actividade profesional relacionada co perfil do título, e seleccionouse a formación precisa para as mellorar e permitir unha axeitada inserción laboral.
CA4.7 Identificáronse as principais fontes de emprego e de inserción laboral para as persoas coa titulación de técnico en soldadura e caldeiraría.
CA4.8 Empregáronse adecuadamente as técnicas e os instrumentos de procura de emprego.
CA4.9 Prevíronse as alternativas de autoemprego nos sectores profesionais relacionados co título.

4.8.e) Contidos

Contidos
Coñecemento dos propios intereses e das propias capacidades formativo-profesionais.
Importancia da formación permanente para a traxectoria laboral e profesional das persoas coa titulación de técnico en soldadura e caldeiraría.
Oportunidades de aprendizaxe e emprego en Europa.
Itinerarios formativos relacionados coa titulación de técnico en soldadura e caldeiraría.
Definición e análise do sector profesional do título de técnico en soldadura e caldeiraría.
Proceso de toma de decisións.
Proceso de procura de emprego no sector de actividade.
Técnicas e instrumentos de procura de emprego.

4.9.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
9	O equipo de traballo e a negociación no ámbito laboral.	6

4.9.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Participa responsablemente en equipos de traballo eficientes que contribúan á consecución dos obxectivos da organización.	SI

4.9.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.1 Identifícaronse os equipos de traballo en situacións de traballo relacionadas co perfil de técnico en soldadura e caldeiraría e valoráronse as súas vantaxes sobre o traballo individual.
CA1.2 Determináronse as características do equipo de traballo eficaz fronte ás dos equipos ineficaces.
CA1.3 Adoptáronse responsablemente os papeis asignados para a eficiencia e a eficacia do equipo de traballo.
CA1.4 Empregáronse axeitadamente as técnicas de comunicación no equipo de traballo para recibir e transmitir instrucións e coordinar as tarefas.
CA1.5 Determináronse procedementos para a resolución dos conflitos identificados no seo do equipo de traballo.
CA1.6 Aceptáronse de forma responsable as decisións adoptadas no seo do equipo de traballo.
CA1.7 Analizáronse os obxectivos alcanzados polo equipo de traballo en relación cos obxectivos establecidos, e coa participación responsable e activa dos seus membros.

4.9.e) Contidos

Contidos
Diferenciación entre grupo e equipo de traballo.
Valoración das vantaxes e os inconvenientes do traballo de equipo para a eficacia da organización.
Equipos no sector da soldadura e caldeiraría segundo as funcións que desempeñen.

Contidos

Dinámicas de grupo.

Equipos de traballo eficaces e eficientes.

Participación no equipo de traballo: desempeño de papeis, comunicación e responsabilidade.

Conflito: características, tipos, causas e etapas.

Técnicas para a resolución ou a superación do conflito.

5. Mínimos exixibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación

A profesora dará ao alumnado a información relativa a programación do módulo con especial referencia aos obxectivos, os mínimos esixibles e os criterios de avaliación e cualificación e informaralles onde a teñen a súa disposición para consulta, sendo en todo caso facilmente accesible (biblioteca, páxina web, etc). Para aprobar o módulo, o alumno/a deberá obter avaliacións positivas respecto dos seguintes mínimos esixibles:

- Relacionáronse as condicións laborais coa saúde da persoa traballadora.
- Distinguíronse os principios da acción preventiva que garanten o dereito á seguridade e á saúde das persoas traballadoras.
- Comprenderónse as actuacións axeitadas ante situacións de emerxencia e risco laboral grave e inminente.
- Valoráronse as medidas de protección específicas de persoas traballadoras sensibles a determinados riscos, así como as de protección da maternidade e a lactación, e de menores.
- Analizáronse os dereitos á vixilancia e protección da saúde nos sectores das telecomunicacións e da informática.
- Asumiuse a necesidade de cumprir as obrigas das persoas traballadoras en materia de prevención de riscos laborais.
- Determináronse as condicións de traballo con significación para a prevención nos contornos de traballo relacionados co perfil profesional.
- Clasificáronse os factores de risco na actividade e os danos derivados deles.
- Clasificáronse e describíronse os tipos de danos profesionais, con especial referencia a accidentes de traballo e doenzas profesionais, relacionados co perfil profesional.
- Identificáronse as situacións de risco máis habituais nos contornos de traballo das persoas coa titulación.
- Levouse a cabo a avaliación de riscos nun contorno de traballo, real ou simulado, relacionado co sector de actividade.
- Clasificáronse os xeitos de organización da prevención na empresa en función dos criterios establecidos na normativa sobre prevención de riscos laborais.
- Determináronse os xeitos de representación das persoas traballadoras na empresa en materia de prevención de riscos.
- Identificáronse os organismos públicos relacionados coa prevención de riscos laborais.
- Estableceuse o ámbito dunha prevención integrada nas actividades da empresa, e determináronse as responsabilidades e as funcións de cada quen.
- Definiuse o contido do plan de prevención nun centro de traballo relacionado co sector profesional da titulación.
- Definíronse as técnicas e as medidas de prevención e de protección que se deben aplicar para evitar ou diminuír os factores de risco, ou para reducir as súas consecuencias no caso de materializarse.

- Analizouse o significado e o alcance da sinalización de seguridade de diversos tipos.
- Seleccionáronse os equipamentos de protección individual (EPI) axeitados ás situacións de risco atopadas.
- Analizáronse os protocolos de actuación en caso de emerxencia.
- Identificáronse as técnicas básicas de primeiros auxilios que se deben aplicar no lugar do accidente ante danos de diversos tipos, así como a composición e o uso da caixa de urxencias.
- Determináronse as características do equipo de traballo eficaz fronte ás dos equipos ineficaces.
- Empregáronse axeitadamente as técnicas de comunicación no equipo de traballo para recibir e transmitir instrucións e coordinar as tarefas.
- Determináronse procedementos para a resolución dos conflitos identificados no seo do equipo de traballo.
- Aceptáronse de forma responsable as decisións adoptadas no seo do equipo de traballo.
- Identificáronse o ámbito de aplicación, as fontes e os principios de aplicación do dereito do traballo.
- Distinguíronse os principais organismos que interveñen nas relacións laborais.
- Identificáronse os elementos esenciais dun contrato de traballo
- Analizáronse as principais modalidades de contratación e identificáronse as medidas de fomento da contratación para determinados colectivos.
- Valoráronse os dereitos e as obrigas que se recollen na normativa laboral.
- Determináronse as condicións de traballo pactadas no convenio colectivo aplicable ou, en ausencia deste, as condicións habituais no sector profesional relacionado co título.
- Analizouse o recibo de salarios e identificáronse os principais elementos que integran.
- Identificáronse as causas e os efectos da modificación, a suspensión e a extinción da relación laboral.
- Identificáronse os órganos de representación das persoas traballadoras na empresa.
- Analizáronse os conflitos colectivos na empresa e os procedementos de solución.
- Identificáronse, nun suposto sinxelo, as bases de cotización dunha persoa traballadora e as cotas correspondentes a ela e á empresa.
- Determináronse as principais prestacións contributivas de seguridade social, os seus requisitos e a súa duración, e realizouse o cálculo da súa contía nalgúns supostos prácticos.
- Determináronse as posibles situacións legais de desemprego en supostos prácticos sinxelos, e realizouse o cálculo da duración e da contía dunha prestación por desemprego de nivel contributivo básico.
- Valoráronse as propias aspiracións, motivacións, actitudes e capacidades que permitan a toma de decisións profesionais.
- Deseñáronse os itinerarios formativos profesionais relacionados co perfil profesional.
- Determináronse as competencias e as capacidades requiridas para a actividade profesional relacionada co perfil do título, e seleccionouse a formación precisa para mellorar e permitir unha axeitada inserción laboral.
- Identificáronse as principais fontes de emprego e de inserción laboral para as persoas coa titulación.
- Empregáronse adecuadamente as técnicas e os instrumentos de procura de emprego.
- Prevíronse as alternativas de autoemprego nos sectores profesionais relacionados co título.

Para a avaliación das aprendizaxes realizadas por cada alumno no módulo utilizaranse os seguintes instrumentos:

- PROBAS ESCRITAS:

O alumnado deberá realizar en cada avaliación unha ou máis probas escritas sobre os contidos traballados nese período.

Trátase de probas obxectivas que terán carácter teórico - práctico, como preguntas de resposta curta, tipo test e/ou casos prácticos. Nas preguntas tipo test só se presentará unha resposta correcta entre as posibles. As respostas en branco non puntúan e as respostas erradas restan en proporción tres erradas unha correcta. Na resolución dos supostos prácticos o alumno/a deberá demostrar o coñecemento da teoría aplicable e dos procedementos para resolver a situación que se presenta. En cada proba indícase o valor de cada cuestión. Se a profesora detecta a algún alumno copiando durante a realización das probas, a cualificación desa proba será igual a cero.

Tipo de cualificación: sobre 10 puntos.

Ponderación na nota da avaliación: 70%

As probas non superadas poderán ser recuperadas antes do remate da terceira avaliación.

Aquel alumna/o que non asista a unha ou varias probas na data da súa realización, non terá dereito a recuperalas en data distinta salvo causa xustificada documentalmente.

- ACTIVIDADES DE AULA:

Os alumnos/as elaborarán ao longo do curso actividades individuais e/ou en equipo. Os contidos, características e criterios de corrección de cada unha das actividades serán proporcionados previamente á súa realización. As actividades que non sexan realizadas ou presentadas nos prazos indicados só poderán ser presentadas noutro prazo por causa xustificada documentalmente. As actividades non superadas poderán ser recuperadas antes do remate da terceira avaliación.

Ponderación na nota da avaliación: 30%

A recuperación das actividades consistirá na realización dunhas novas actividades da mesma natureza cas anteriores.

No suposto de que se teña coñecemento de que o alumnado realizou calquera acto de copia, suplantación ou cambio dunha proba escrita, traballo ou tarefa, anularase a mesma e terá que recuperala.

Na realización das probas escritas non está permitido o emprego de teléfonos móbiles, tabletas ou calquera dispositivo de comunicación do alumnado co exterior.

CUALIFICACIÓN TRIMESTRAL:

- Cada avaliación trimestral considerase superada cando se obteña unha puntuación global igual ou superior a 5 (puntuación sobre 10), sendo preciso acadar un mínimo do 40% en cada instrumento de avaliación para facer media.

- A cualificación da avaliación será un valor numérico sen decimais entre 1 e 10. Aplicarase o redondeo á unidade máis próxima, por exceso ou por defecto.

CUALIFICACIÓN FINAL DO MÓDULO:

O alumnado acadará a avaliación positiva no módulo se alcanza unha puntuación igual ou superior a 5 na avaliación realizada no centro e obtén unha valoración de "FAVORABLE" na empresa.

A distribución das unidades didácticas nas avaliacións será a seguinte:

1ª Avaliación: Unidades didácticas 3,4 y,5.

2ª Avaliación: Unidades didácticas 6,7,8, y 9

3ª Avaliación: Os contidos que se impartirán na empresa serán os da unidade 1.



6. Procedemento para a recuperación das partes non superadas

6.a) Procedemento para definir as actividades de recuperación

Os alumnos que non superen o módulo antes de ir á formación na empresa, deberán realizar actividades de recuperación durante a súa formación na empresa, realizando actividades propostas pola profesora e facer unha proba final no mes de setembro, antes da avaliación final de módulos. Esta proba deberá consistir na resolución dunha proba escrita sobre os contidos do módulo non superados, con posibles preguntas de desenvolvemento, de elección de resposta múltiple relacionadas cos contidos traballados ao longo do curso. As actividades suporán o 30% da cualificación e a proba escrita suporá o 70% da cualificación. A data desta proba de recuperación será comunicada aos alumnos implicados no proceso coa antelación suficiente á súa celebración, ben sexa dun xeito verbal ou con notificacións nos taboleiros de anuncios para o público coñecemento por parte dos mesmos.

O alumno que non supere o módulo na proba de SETEMBRO quedará fora do PROXECTO DUAL e non poderá titular, segundo o artigo 14 da Orde de 14 de Xuño de 2018.

6.b) Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito a avaliación continua

Non se contempla unha proba de avaliación extraordinaria, por ser FP dual, segundo a mesma Orde de 14 de Xuño de 2018.

Consideraranse faltas repetidas de asistencia máis de 4 días (consecutivos ou non) sen xustificar no mesmo módulo.

Para as faltas de puntualidade está xa recollido nas NOF que 3 faltas de puntualidade son 1 de asistencia.

Polo tanto o alumno que acada este número de faltas non pasa pola perda de Avaliación continua, xa que quedaría excluído do Ciclo Dual.

7. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente

De xeito periódico, nas reunións de departamento que se celebren, irase facendo un seguimento do desenvolvemento da programación do módulo, co fin de comprobar a súa adecuación á planificación temporal inicial e ao grupo que se lle está a impartir. Dito seguimento recollerase semanalmente na aplicación de programacións, e será remitido mensualmente ao titor ou titora correspondente.

Ao remate de cada trimestre farase unha nova avaliación en conxunto do mesmo, coa finalidade de analizar o impartido durante ese período e os resultados obtidos. Desta avaliación deberanse extraer datos para poder revisar a programación de cara a vindeiros períodos.

Ao remate do curso académico a persoa que exercera a docencia deberá entregar un informe final que conterá o grao de desenvolvemento da programación, aqueles aspectos máis significativos que considere se deberían de tratar para o vindeiro ano e as modificacións oportunas (en canto a reducións de contidos ou ampliación dos mesmos, instrumentos de avaliación a aplicar, materiais, etc.)

Ademais do anterior, na avaliación da propia práctica docente son tidos en conta os resultados obtidos nas enquisas de satisfacción coa labor docente que son realizadas tódolos cursos ao alumnado, e nas que estes indican as súas valoracións sobre diferentes aspectos da práctica docente de cada un dos seus profesores e profesoras.

Algúns dos aspectos que o profesorado deberá considerar na autoavaliación da práctica docente son:

- Organización e coordinación co resto profesorado do ciclo formativo.
- Adecuación do grao de dificultade das actividades ás características do seu alumnado
- Grao de motivación dos alumnos nas actividades propostas pola profesora
- Planificación das tarefas: distribución e dotación de medios e tempos
- Ambiente de traballo, relación entre os alumnos, e entre alumnado e a profesora
- TICs: uso e manexo por parte do alumnado e da profesora
- Habilidades de comunicación verbal e non verbal na transmisión dos contidos.
- Claridade na presentación dos contidos nos medios audiovisuais empregados.

8. Medidas de atención á diversidade

8.a) Procedemento para a realización da avaliación inicial

Ao comezo das actividades do curso académico, o equipo docente realizará unha sesión de avaliación inicial do alumnado, que terá por obxecto coñecer as características e a formación previa de cada alumno e de cada alumna, así como as súas capacidades. Así mesmo, deberá servir para orientar e situar o alumnado en relación co perfil profesional correspondente.

Nesta sesión, a profesora que se encargue da titoría dará a información dispoñible sobre as características xerais do grupo ou sobre as circunstancias especificamente académicas ou persoais, con incidencia

educativa, de cantos alumnos e alumnas o compoñan, valorando tanto a súa situación actual como aquelas que puideran ser coñecidas polo aporte do seu expediente académico previo, por indicacións do departamento de orientación, por achegas da propia familia, etc.

Esta avaliación inicial en ningún caso comportará cualificación para o alumnado. Salvo que se estableza o contrario, a avaliación farase de maneira oral e/ou con cuestionarios breves, dando coñecemento dos resultados aos membros do equipo docente para a toma de medidas que puideran ser necesarias no desenvolvemento correcto das actividades formativas dentro da aula.

8.b) Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados

Naqueles casos que se apreciara na avaliación inicial a presenza na aula de alumnado con necesidades educativas especiais, adaptacións de medios ou materiais, a profesora correspondente deberao poñer en coñecemento do equipo docente e das instancias oportunas dentro do centro.

Unha vez valorada a situación por parte do persoal correspondente tomaranse as medidas oportunas, contando coa participación do persoal docente do módulo e aquelas outras persoas do departamento de Orientación ou persoal destinado pola Consellería de Educación aos efectos.

Nesta atención á diversidade encadrarase toda aquela actuación educativa dirixida ás diferentes capacidades, ritmos de aprendizaxe, diferentes motivacións, situacións sociais, étnicas e de saúde do alumnado. O docente, coa axuda dos medios humanos e materias que se poidan por á súa disposición, debe axustar a axuda pedagóxica e facilitar os recursos e estratexias necesarias para dar resposta ás diferentes necesidades educativas do conxunto do alumnado.

Poderanse adoptar, de acordo coas indicacións do departamento de Orientación e das instancias da Consellería de Educación, medidas ordinarias de atención á diversidade (que non modifican os elementos prescriptivos do currículo) ou ben medidas extraordinarias de atención á diversidade (podendo modificar os elementos prescriptivos do currículo se así se considera oportuno).

9. Aspectos transversais

9.a) Programación da educación en valores

Dentro de cada unha das unidades didácticas establécense os contidos actitudinais, cun conxunto de contidos educativos que estarán presentes na aula de forma permanente, xa que se refiren a problemas e preocupacións fundamentais da sociedade. Serán motivo de reflexión, e debate coa coeducación, e a interculturalidade como fondo, así como a interacción entre o alumnado e o profesorado para evitar a transmisión de prexuízos e o currículo oculto, sendo a guía que servirá para enmarcar a adquisición do resto dos contidos e aprendizaxe.

Traballaranse especialmente os seguintes:

1. Educación para o medio ambiente: o aproveitamento de recursos naturais de forma racional nos países, a reciclaxe e a reutilización a nivel individual (intentarase fomentar o uso de materiais reciclados), e no medio de traballo.
2. A educación no consumo racional e responsable no que se refire ás economías de mercado, e no traballo produtivo.
3. Respecto da dignidade e non explotación dos traballadores.
4. Educación para a paz e a non violencia: a conciliación como sistema de solución de conflitos, a violencia sexista.

5. Educación para a saúde: Concienciación da prevención de riscos e a importancia da seguridade e hixiene nos traballos, e a limpeza e a orde como prevención.
6. A igualdade e non discriminación no acceso ó mercado laboral, nas categorías salariais e nas condicións de traballos, causa de nulidade dos despedimentos.
7. Análise das profesións con menor índice de presenza feminina.
8. Emprego de ferramentas que respecten a propiedade intelectual dos autores e autoras. Promoción do emprego de software libre e non privativo, evitando o uso de programas que non sexan orixinais, para aquelas actividades que necesiten da utilización de ferramentas informáticas.

9.b) Actividades complementarias e extraescolares

Dentro das actividades COMPLEMENTARIAS que se levarán a cabo ao longo do ano poderase contar con relatorios, conferencias (expertos de empresas, Universidades, expertos en materia de seguridade e hixiene, expertos en primeiros auxilios, etc) ou algunha saída a organismos públicos (concello, universidade, seguridade social, xulgado do social, etc) ou empresas da contorna. Todas estas actividades serán levadas a cabo dentro do horario escolar, co coñecemento e a pertinente aprobación do consello escolar. Estas actividades poderán ser organizadas polo Departamento de Formación e Orientación Laboral en solitario ou ben conxuntamente coa participación doutros departamentos técnicos ou do Departamento de Orientación. Desde o Departamento organizaranse unhas charlas prácticas sobre primeiros auxilios.

Dentro das actividades EXTRAESCOLARES que exceden do horario escolar poderase organizar, conxuntamente con outros departamentos técnicos visitas a empresas do sector, centros de ensino, etc. Tamén caberá a posibilidade de visitar actividades como Galiemprego ou outras similares, sempre en función do interese do alumnado e da dispoñibilidade orzamentaria do departamento, así como da oferta das entidades públicas ou privadas que colaboren cos centros educativos.

10. Outros apartados

10.1) Unidade didáctica 0

Nas primeiras sesións de clase presentarse o módulo, e darse información sobre a programación e a avaliación inicial do alumnado

A profesora facilitará ao alumnado toda a información relativa á programación do módulo: contidos, resultados de aprendizaxe, obxectivos, criterios de avaliación, criterios de cualificación, metodoloxía que se empregará, procedementos para as perdas de avaliación continua.

Informarase aos alumnos de que a programación estará á súa disposición para seren consultada, na biblioteca e/ou na páxina web do centro.